


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

28-29 de abril do 2018

V DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 82 A Cristo cantamos

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Somos a igrexa que vive e celebra a Pascua, unha comunidade de xentes distintas que buscan en Xesús, na súa Palabra e no exemplo da súa vida, a razón da nosa unidade e o alimento que nos enfortece.

Somos distintos e plurais, Deus quere unha igrexa así, para sermos no mundo signo da unidade. Se nos pasados domingos de Pascua nos temos descuberto como igrexa mensaxeira da paz e capaz de superar os medos, hoxe, neste quinto domingo da Pascua descubrimos a nosa diversidade coma un don, e a nosa vocación de vivir unidos a Xesús como a medicina para un mundo roto.

Así somos igrexa á beira de cantos homes e mulleres sofren en Siria, e sómolo á beira de quen afoga os seus soños nas augas do Mediterráneo, e sómolo á beira das mulleres que sofren violencia.

ACOLLIDA DA AUGA

Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus. El é un Pai que nos acolle coma os seus fillos, queremos deixarnos bendicir agora coa vida coa que nos agarima.

Achegámonos e renovamos o noso confiar en Deus santiguándonos coa auga ou co xesto da aspersión

♪ nº 81 *(pode cantarse A auga do Señor)*

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa pola alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante rematamos a primeira parte da celebración orando, presentando a Deus as nosas preocupacións, tamén os medos e as vergonzas de tantas violencias.

(silenzo)

Deus bondadoso, ti enviaches ao teu fillo ao mundo para facer de nós unha única familia; mira con amor de nai aos que estamos enxertados en Cristo, e dános a verdadeira liberdade e a herdanza do teu fogar. Pedímoscho por Cristo noso Bo Pastor, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante Manternos unidos a Cristo é a maneira de facer crible a nosa fe, unidos a Cristo sabemos da responsabilidade de dar froitos, unidos a Cristo non podemos facer diferenza con quen pensa, vive ou cre diferente, e unidos a Cristo na Pascua resucitaremos con El. escoitamos agora a Palabra de Deus.

No Leccionario B páxina 144

LECTURA

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA XOÁN

♪ nº 3 *Unha xuntanza de amor*

SALMO

(en pé) No Leccionario B páxina 145

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE SAN XOÁN

(sentad@s) gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixámonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamamos coas nosas voces o que pregoamos na celebración da vixilia pascual

♪ **SI, CREEMOS**

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima coas súas mans abertas e cheas de tenrura?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a acoller e a dar unha man para mellorar a vida dos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo máis acolledor, que nos alenta forza para berrar ante as inxustizas, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en comunidade, dando unha man para facer do mundo e da natureza fogar coidado no que todos os homes e mulleres son respectados?

SI, CREEMOS

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Irmáns e irmás, saiamos ao encontro con Deus e con Cristo Resucitado que nos convida á unidade. Recemos dicindo

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

- Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa, concédenos saber apreciar e valorar os distintos camiños para achegármonos a Ti, oremos
- Lémbtrate, Señor, das nosas parroquias de Os Cotos, que saibamos vivir unidos a Ti, para poder dar froitos de xustiza e de paz, oremos
- Lémbtrate, Señor, das mulleres que sofren violencia, e que necesitan maiores e mellores xustizas nas súas vidas, oremos.
- Pedímosche tamén Señor, para que na nosa sociedade poderosa abunden homes e mulleres que non calen ante mortes silenciosas como as de Siria, porque tampouco Xesús había calar ante tamañas barbaridades, oremos.

Celebrante Quédate, señor, connosco, e non nos deixes calar ante as mulleres que ven atropellada a súa dignidade. Quédate con nós, ti, Bo Pastor, e non nos deixes calar ante os refuxiados. Quédate con nós, ti, que vives Resucitado por sempre eternamente, amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Rezamos xuntos, escoitando a voz de Cristo, Bo Pastor, pedindo ao Pai o don de non caer na tentación de crer que a diversidade e o pluralismo non caben na igrexa.

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante O camiño da vida se nos descubre como camiño para toparnos con Cristo Resucitado, que nos saúda coa paz. Na medida en que esteamos enxertados na vida de Xesús, abrolla dende nós a paz mesma. Amosemos a nosa cercanía a Xesús intercambiando agora un saúdo de paz.

CANTO ♪ *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar sentindo a Cristo á súa beira.

Nós compartimos unha mesa en comunidade para transformar o mundo nun paraíso onde resplandeza a unidade dos que somos diferentes.

Ditosos nós convidados a este pan da festa da Pascua do Señor.

CANTO ♪ *nº 55 No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, olla con bondade ao teu pobo;
ti que nos renovaches con estes misterios pascuais,
fai que enxertados no teu fillo Xesús,
deamos froitos abondosos para a vida do mundo.
Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa Unidade Pastoral de Os Cotos, coas nosas xentes, aínda que ás veces nos sintamos esquecidos.

Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de xustiza de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.

Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.

Que o Señor da PAZ, o BO PASTOR RESUCITADO,
nos bendiga,†
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)